

DECRETO NÚMERO 17008208 DO 21/09/2017

Ilma. Sra. Dona Ana Prieto Nieto, Tenente de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico.

Instruído expediente relativo a: PROCEDEMENTO DE LICITACION PARA O ALLEAMENTO DE VEHICULOS MUNICIPAIS DESAFECTADOS DO SERVIZO PUBLICO DE TRANSPORTE PUBLICO E DECLARADOS EFECTOS NON UTILIZABLES. (EXP. REF. 4-2017). **ADXUDICACION**

Examinado o expediente de referencia e vistos:

1.- Informe Proposta do Servicio de Contratación do 7 de setembro do 2017, do teor literal seguinte:

Examinado o expediente de referencia e vistos:

1º.- Acordo da Xunta de Goberno Local, número 20/386, do 21 de xuño do 2017, polo que se aproba o PROCEDEMENTO DE LICITACION PARA O ALLEAMENTO DE VEHICULOS MUNICIPAIS DESAFECTADOS DO SERVIZO PUBLICO DE TRANSPORTE PUBLICO E DECLARADOS EFECTOS NON UTILIZABLES. (EXP. REF. 4-2017), os pregos de cláusulas administrativas particulares que rexeron a súa licitación.

2º.- Tramitación regulamentaria do expediente.

3º.- Acta da Mesa de Contratación, oferta económica, do 31 de xullo do 2017, do teor literal seguinte:

“ASUNTO: CONTRATACION DO ALLEAMENTO DE VEHÍCULOS MUNICIPAIS DESAFECTADOS NO SERVIZO PUBLICO DE TRANSPORTE PUBLICO E DECLARADOS EFECTOS NON UTILIZABLES. (EXPTE. REF. 4-2017). OFERTA ECONOMICA.

Sendo as 13:20 horas do día 31 de xullo de 2017, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida polo Xefe do Servicio de Contratación, don Xosé Manuel Cao Rei, e actuando como vocais:

- dona María García Ferro, Vicesecretaria do Concello de Lugo.
- dona María Baza Poudereux, técnico do Servicio de Intervención, actuando como representante do interventor municipal.
- don Ricardo Anido Ferreiro, en representación do Servicio de Parque Móbil Municipal.
- dona Cristina Bermúdez Gómez, do Servicio de Contratación, actuando como Secretaria.

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/mb

Refª: 1505982586718.doc

Asunto: decreto adxudicación

Abre a sesión o Sr. Presidente procedendo a apertura do sobre B, correspondente a oferta económica, presentada pola empresa METALES ESPECIALES DEL NOROESTE S.L., e que dita oferta ascende a cantidade de 6.300,00 euros.

A Mesa de Contratación acorda propoñer a adxudicación do procedemento a empresa METALES ESPECIALES DEL NOROESTE S.L., por importe de 6.300 euros.

Sen máis que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:30 horas no lugar sinalado no encabezamento.”

4º.- Decreto nº 17006957 do día 3 de agosto de 2017 mediante o cal se selecciona a oferta presentada pola empresa METALES ESPECIALES DEL NOROESTE S.L., N.I.F., B-34209742 como a máis vantaxosa para o Concello, requiríndoo para a achega de diversa documentación administrativa, nun prazo de 10 días hábiles. Dito acordo foi recibido pola citada empresa o día 23 de agosto de 2017

5º.- Documentación achegada por parte da empresa GRUPO DE BLAS RECUPERACIONES, S.L., con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello do día 6 de setembro de 2017”

2.- Informe de Fiscalización ref. 568/2017 do 19 de setembro do 2017.

Por todo o anteriormente exposto e tendo en conta o dispositivo primeiro apartado e) do acordo nº 4/455 da Xunta de Goberno Local, que sinala que é competencia de dito órgano a adquisición e alleamento do patrimonio, excepto cando se trate daqueles que non superen o importe establecido na lexislación de contratos para os contratos menores, e tratándose no presente caso dunha contía incluída dentro dos contratos menores, propónselle á Concelleira Delegada da Área de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico, acordase:

PRIMEIRO.- Adxudicar o procedemento aberto convocado para o **ALLEAMENTO DE VEHICULOS MUNICIPAIS DESAFECTADOS DO SERVIZO PUBLICO DE TRANSPORTE PUBLICO E DECLARADOS EFECTOS NON UTILIZABLES. (EXP. REF. 4-2017)** á empresa METALES ESPECIALES DEL NOROESTE S.L. N.I.F., B-34209742 por ter presentado, á vista dos criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas administrativas, a oferta economicamente máis vantaxosa consistente na cantidade de **6.300 euros** a satisfacer ó Concello de Lugo.

SEGUNDO.- Requirirille á dita empresa METALES ESPECIALES DEL NOROESTE S.L para que dea cumprimento ao disposto na **cláusula décimo terceira** do prego de cláusulas administrativas particulares, para o cal deberá:

- Dar de baixa os vehículos na Xefatura Provincial de Tráfico de Lugo no prazo máximo de 15 días hábiles dende a adxudicación , entregándolle xustificante á xefa de sección de Policía e Transporte.

- Retirar nun prazo máximo de 8 días naturais, dende a notificación da adxudicación, os vehículos obxecto deste expediente, debendo en dito prazo, e en todo caso, antes da súa retirada, proceder ao pagamento da cantidade de **6.300 €**, mediante transferencia bancaria en calquera dos seguintes números de conta: ES59 2080 0101 56 3110000947 (ABANCA), ES02 0182 6219 56 0200270328 (BBVA), ES08 2100-5850-07-0200014045 (LA CAIXA- CAIXABANK), ES35 0081 2141 6600 0102 4611 (BANCO SABADELL) indicando no concepto PAGO VENDA VEHÍCULOS DESAFECTADOS TRANSPORTE (EXP. REF. 4-2017)
- Achegarlle á xefa de sección de Policía e Transporte os correspondentes certificados de destrución e xustificantes da baixa definitiva en circulación dos vehículos no Rexistro de Vehículos da Dirección Xeral de Tráfico.

TERCEIRO.- Requirirille así mesmo, á citada empresa, para que proceda ao ingreso da cantidade de **80,34 €**, correspondente aos gastos de publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Dito ingreso poderá facelo efectivo en calquera dos seguintes números de conta: ES59 2080 0101 56 3110000947 (ABANCA), ES02 0182 6219 56 0200270328 (BBVA), ES08 2100-5850-07-0200014045 (LA CAIXA- CAIXABANK), ES35 0081 2141 6600 0102 4611 (BANCO SABADELL) indicando no concepto ANUNCIO BOP VENDA VEHÍCULOS DESAFECTADOS TRANSPORTE PUBLICO (EXP. REF. 4-2017)

CUARTO.- Publicar o anuncio de adxudicación no perfil do contratante do Excmo. Concello de Lugo.

QUINTO.- Darlles traslado da presente resolución ás partes interesadas, e dependencias municipais afectadas, indicándolles que contra a mesma caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.

- Non obstante o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común ante a Xunta de Goberno Local e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

Cumprase.